

**13415** *REAL DECRETO 1598/2004, do 2 de xullo, polo que se modifica o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. («BOE» 173, do 19-7-2004.)*

A través do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, transpúxose ao ordenamento español a Directiva 91/439/CEE, do Consello, do 29 de xullo de 1991, sobre o permiso de condución. A citada directiva non foi transposta na súa totalidade, pois a incorporación dalgúns dos seus aspectos deixáboas á vontade de cada Estado membro. Así mesmo, esta directiva foi modificada pola Directiva 2000/56/CE, da Comisión, do 14 de setembro de 2000.

Por outra parte, desde que se aprobou o citado regulamento no ano 1997, foron xurdindo algunhas cuestións prácticas que dificultaron nalgúns casos a súa aplicación, polo que resulta necesario dar unha resposta a algunhas destas cuestións.

En consecuencia, procédese a modificar parcialmente o Regulamento xeral de condutores, modificación que se leva a cabo de acordo cos motivos que a continuación se expoñen.

En primeiro lugar, co obxecto de incorporar aqueles aspectos da Directiva 91/439/CEE que non foron recollidos no Regulamento xeral de condutores, efectuáronse as seguintes modificacións:

a) Co fin de lograr a necesaria harmonización no marco do recoñecemento mutuo dos permisos de condución expedidos polos Estados membros da Unión Europea, así como para conseguir un maior nivel de garantía de autenticidade, pola súa dificultade de falsificación ou de producir alteracións nos datos incorporados ao documento, procedeuse a adoptar o modelo alternativo de permiso de condución expedido conforme o modelo do anexo I bis da Directiva 91/439/CEE, introducido pola Directiva 96/47/CE, do Consello, do 23 de xullo de 1996, que a modifica, cuxa implantación se vai xeneralizando nos Estados integrantes da Comunidade Europea. Con este motivo, incluíuse un novo anexo I bis, no que se incorporan os datos e o modelo do novo permiso, ademais de modificar aqueles artigos do regulamento que se ven afectados.

b) Igualmente, modificouse a disposición transitoria décimo primeira, na que se regula a implantación progresiva do novo modelo de permiso de condución, que se fará de acordo co calendario que se aprobe por orde do ministro do Interior, na que se determinarán ademais as novas medidas das fotografías, e incorporouse unha nova disposición transitoria décimo quinta ao regulamento, relativa ao modelo de permiso de condución no que se expedirán os duplicados.

c) Co propósito de mellorar a fluidez da circulación, reducindo o número de automóviles de turismo que circulan ocupados soamente por unha persoa, e de acordo co disposto na Directiva 91/439/CEE, permítese que os titulares dun permiso de condución da clase B en vigor, cunha antigüidade superior a tres anos, poidan conducir dentro do territorio nacional as motocicletas cuxa condución autoriza o permiso da clase A1.

d) En materia de cambio de permisos de condución estranxeiros, faltaba recoller de forma expresa a posibilidade de non recoñecer a vixencia dos permisos comunitarios procedentes de cambio de permisos expedidos en países non pertencentes á Unión Europea, en aplicación da Directiva 91/439/CEE.

En segundo lugar, para incorporar as novidades introducidas pola Directiva 2000/56/CE, realizáronse as seguintes modificacións:

a) Ampliáronse as materias que son obxecto das probas de control de coñecementos, modificáronse as manobras que deben realizarse nas probas de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado e concretáronse os extremos que deben ser obxecto de observación e valoración polo examinador na proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral. Así mesmo, ante os cambios na forma en que deberán realizarse as manobras nas probas de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado para a obtención dos permisos das clases A e A1, modificouse a disposición transitoria décima, de tal forma que as novas manobras serán exhibibles a partir do 30 de setembro de 2008, realizándose ata esa data como se veñen exixindo actualmente, de acordo co exixido pola normativa comunitaria.

b) Paralelamente, suprímense as actuais exencións das probas de control de aptitudes e comportamento en circuíto pechado aos titulares de determinados permisos de condución, pois de acordo co disposto no anexo II da Directiva 2000/56/CE, só se admiten exencións no que se refire ás probas de coñecementos, manténdose unicamente a exención no dito punto da proba de control de aptitudes e comportamento en circuíto pechado a quen solicite a autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 do regulamento, por tratarse dunha clase de autorización exclusivamente de carácter nacional.

c) Na liña indicada de acomodación da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral á Directiva 2000/56/CE, establécese a posible suspensión e interrupción inmediata da realización das citadas probas, e prevese a posibilidade de limitar o número de aspirantes que poden realizar tales probas co mesmo vehículo, coa finalidade de asegurar a fluidez no seu desenvolvemento, evitando así os tempos mortos.

d) Para adecuar o anexo VII á Directiva 2000/56/CE, modifícanse e especificanse os requisitos xerais que deben reunir os vehículos de exame que se utilizan nas probas de control de aptitudes e comportamentos.

En terceiro lugar, co obxecto de dar unha solución aos problemas que, na práctica, foron xurdindo desde a aprobación do regulamento, incluíronse as seguintes modificacións:

a) Permítese solicitar a prórroga de vixencia do permiso ou licenza dentro dos 90 días antes da data de perda de vixencia da autorización, computándose, en todo caso, o novo período de vixencia do permiso ou da licenza desde a data de perda da súa vixencia.

b) Así mesmo, considérase dunha maneira máis clara a excepción de ter que obter un permiso en España, aos titulares dos permisos procedentes de países terceiros cos que exista un convenio bilateral para o recoñecemento mutuo e cambio dos permisos de condución e, por outra parte, para ampliar a posibilidade de cambio de permisos con aqueles países cos que non exista convenio para tal efecto e cumplan determinados requisitos, sempre que os titulares dos permisos conducisen profesionalmente en España como mínimo durante un período de seis meses e superen unhas probas teóricas.

c) Co obxecto de adaptar o texto do regulamento ás modificacións introducidas no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, modifícanse as denomina-

cións referentes á declaración de nulidade ou lesividade e perda de vixencia das autorizacións para conducir.

d) Co fin de evitar unha duplicidade de cursos de reciclaxe e sensibilización dos condutores, suprimense os cursos previstos no artigo 41 cuxa realización se consideraba como unha maneira de acreditar a existencia do requisito ou requisitos cuxa perda se presume e que motiva o inicio do procedemento para a declaración da perda de vixencia da autorización para conducir, de tal forma que, ao se suprimir, soamente poderán acreditarse tales requisitos mediante a realización novamente da proba ou probas que se consideren procedentes. Con esta modificación, os cursos de reciclaxe e sensibilización serán exclusivamente os regulados no artigo 67.3 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, como medida que evita a revogación dos permisos de conducción para os infractores reincidentes en infraccións moi graves.

e) Por outra parte, a experiencia nos cursos desenvolvidos en escolas particulares de condutores que substitúen a proba teórica para a obtención da licenza que autoriza a conducción de ciclomotores, fixo necesario detallar tanto os requisitos do curso como os que deban cumprir as escolas para obter a autorización específica para impartilos.

f) Ante os problemas prácticos formulados pola exigencia de realizar as probas teóricas para obter ou ampliar a autorización para conducir vehículos que transporten mercadorías perigosas no centro de exames que determine a Xefatura Provincial de Tráfico que aprobese o curso, establécese que as citadas probas se poidan realizar no centro de exames que determine a Xefatura Provincial de Tráfico na que se presente a solicitude.

g) Inclúese unha nova alínea na disposición adicional segunda, en canto á definición de residencia normal como requisito necesario para obter un permiso ou licenza de conducción no noso país, recollendo unha referencia expresa a que, en todo caso, tal residencia debe ser entendida, exclusivamente, cando o estranxeiro se encontre nunha situación regular en España, remitíndose para estes efectos ao disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

h) Introdúcese, por outro lado, unha modificación da disposición adicional sexta para permitir que os efectivos policiais e, se é o caso, os bombeiros, axentes forestais ou outros colectivos, sempre que teñan a idade de 21 anos e sexan titulares de permisos de conducción da clase A con limitación de potencia e relación potencia/peso, poidan substituír a experiencia mínima de dous anos para conducir toda clase de motocicletas por un curso impartido polas respectivas escolas policiais.

i) Na disposición transitoria novena, establécese un prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor para que os vehículos que se utilizan nas probas de aptitude para a obtención de determinadas clases de permisos deixen de ser utilizados, concluíndo así os prazos transitorios dados a estes no vixente regulamento, por considerar que os citados vehículos xa non cumpren as condicións necesarias para efectos prácticos para realizaren as mencionadas probas.

j) Finalmente, no anexo IV revísanse os períodos de vixencia dos permisos de conducción cuxos titulares están afectados de visión monocular, fosen sometidos a cirurxía refractiva ou sexan diabéticos insulín dependentes, e admítase a posibilidade de obtención ou prórroga dos permisos do grupo segundo con certas adaptacións no vehículo en casos excepcionais de problemas de mobilidade dos seus titulares. En canto ao sistema cardiovascular, concrétnanse os criterios de valoración da capacidade funcional en relación cos niveis de actividade

física da persoa obxecto da exploración. Auméntase o cociente intelectual mínimo e amplíase a exploración para a aptitude perceptivo-motora.

Igualmente, procedeuse a modificar o Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de conducción de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil, modificación que se inclúe na disposición derradeira primeira deste real decreto, respecto ás especialidades que cómpre ter en conta pola natureza militar dos vehículos cos que se realizan as probas para obter os permisos ou licenzas militares, en concordancia coa modificación introducida no regulamento no mesmo sentido.

Este real decreto foi sometido a informe do Consello Superior de Tráfico e Seguridade da Circulación Vial.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xullo de 2004,

## DISPÓN O :

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.*

O Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 2, que queda redactado da seguinte forma:

«4. As mencións, adaptacións, restricións e outras limitacións a que se refire o punto anterior serán determinadas polo Ministerio do Interior, por proposta da Dirección Xeral de Tráfico, e faranse constar no permiso ou licenza de conducción de forma codificada conforme se indica no anexo I 2.d).2.º e no anexo I bis 2.1.º (12).»

Dous. O artigo 3 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. *Modelo.*

O permiso de conducción axustarase a un dos modelos comunitarios que se publican nos anexos I e I bis.»

Tres. O artigo 4 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Datos que deben constar no permiso de conducción.*

Os datos que deben constar no permiso de conducción son os que se indican nos anexos I ou I bis.»

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«4. O permiso das clases B, B+E, C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E non autoriza para conducir motocicletas de dúas rodas, con ou sen sidecar. As persoas que estean en posesión do permiso da clase B en vigor, cunha antigüidade superior a tres anos, poderán conducir dentro do territorio nacional as motocicletas cuxa conducción autoriza o permiso da clase A1.»

Cinco. Modifícase a alínea c) do número 2 do artigo 15, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Unha fotografía actualizada de 32 por 25 milímetros igual á que está adherida ao informe de aptitude psicofísica a que se fai referencia no parágrafo anterior, ou das características que se determinen cando o permiso de condución se expida segundo o modelo do anexo I bis.»

Seis. Engádeselle un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 17 co seguinte contido:

«A solicitude de prórroga de vixencia do permiso ou licenza poderase presentar dentro do período de tres meses anterior á data de perda de vixencia da autorización de que se trate, computándose en todo caso desde a data de perda da vixencia da autorización o novo período de vixencia desta.»

Sete. Modifícase o número 1 e as alíneas a) e c) do número 2 do artigo 19, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. As xefaturas provinciais de Tráfico, logo da solicitude dos interesados, para o que utilizarán o impreso que para tal efecto proporcionarán estes organismos, poderán expedir duplicados de permiso ou licenza de condución en caso de subtracción, extravío ou deterioración do orixinal. Tamén deberán expedir duplicados cando os titulares comuniquen teren variado os datos a que se refire o artigo 18. A expedición destes duplicados realizárase de conformidade co establecido na disposición transitoria décimo quinta.

2. Ás solicitudes de duplicado xuntaránselles os seguintes documentos:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou, se é o caso, do pasaporte, ou da tarxeta de identidade de estranxeiro xunto co documento que acredite ter a residencia normal en España ou a condición de estudante durante o período mínimo exixido, en unión dos documentos orixinais que serán devoltos unha vez cotexados, e unha fotografía actualizada de 32 por 25 milímetros se o duplicado que se vai expedir corresponde a un permiso de condución do modelo do anexo I, ou unha fotografía actualizada das características que se determinen se o duplicado que se vai expedir corresponde a un permiso de condución do modelo do anexo I bis.»

«c) O permiso ou licenza de condución orixinal nos casos de solicitude de duplicado por deterioración ou variación de datos e, neste último suposto, ademais, o documento que acredite a variación dos datos que figuran no permiso ou licenza.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 20, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A Xefatura Provincial de Tráfico á que se dirixa a solicitude de obtención, prórroga de vixencia, duplicado, comunicación de variación de datos e os documentos requiridos, logo das actuacións pertinentes, concederá ou denegará, segundo proceda, o solicitado.»

Nove. Engádeselle unha segunda alínea ao artigo 26 co seguinte contido:

«O establecido na alínea anterior non será de aplicación cando o permiso proceda de cambio doutro anterior expedido nun país non comunitario,

salvo que exista un convenio para o cambio entre España e o país de que se trate ou que os permisos expedidos nese país sexan cambiábles por decisión comunitaria nos Estados membros da Unión Europea.»

Dez. Modifícase a alínea b) do número 1 e os números 3, 4 e 5 do artigo 30, que quedan redactados da seguinte forma:

«b) Os nacionais doutros países que estean redactados en castelán ou vaian acompañados dunha tradución oficial. Entenderase por tradución oficial a realizada polos intérpretes xurados, polos cónsules de España no estranxeiro, polos cónsules en España do país que expedise o permiso, ou por un organismo ou entidade autorizados para tal efecto.»

«3. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, os permisos a que se refire o número 1 carecerán de validez para conducir en España, e se os seus titulares desexan seguir conducindo, deberán obter un permiso español, logo de comprobación dos requisitos e superación das probas correspondentes, coas seguintes excepcións:

a) Cando se trate dos permisos a que se refire o número 1.d) e no convenio particular estea autorizado o seu cambio. Neste caso, o cambio do permiso realizarase de acordo coas condicións que se indiquen no citado convenio.

b) Cando se trate dos permisos a que se fai referencia no punto 1.a) e b); en tal caso, poderanse cambiar por un permiso español da clase que corresponda, sempre que o seu titular reúna os seguintes requisitos:

1.º Que supere a proba ou as probas de control de coñecementos, realizadas en forma oral se así se solicita, que acrediten os coñecementos xerais e específicos a que fai referencia o artigo 48.

2.º Que acredite ter estado contratado como condutor profesional, por un tempo non inferior a seis meses, por empresa ou empresas legalmente establecidas ou con sucursal en España, as cales xustificarán esta circunstancia achegando, ademais, os documentos de afiliación e cotización á Seguridade Social.

3.º Que careza de antecedentes desfavorables no Rexistro de condutores e infractores por infraccións graves ou moi graves.

4. No suposto de que proceda o cambio, á súa solicitude, subscripta polo interesado, xuntaránselle os documentos que se indican no punto 2.a), b), c), d) e e), do artigo 15, o permiso que se pretende cambiar, unha declaración expresa do seu titular responsabilizándose da autenticidade, validez e vixencia do permiso e, se é o caso, a súa tradución oficial para o castelán, entendendo por tal a realizada conforme se indica no punto 1.b) deste artigo.

Co fin de comprobar a autenticidade, validez e eficacia, a Xefatura Provincial de Tráfico poderá solicitar do interesado a presentación dos informes que, en atención ás circunstancias, coide procedentes, incluído o certificado emitido polo organismo que o expedise, visase e traducise, se é o caso, pola correspondente embaixada, acreditativo da súa validez e vixencia, no que se especifiquen os vehículos para cuxa condución autoriza e demais características do permiso.



5. A Xefatura Provincial de Tráfico á que se dirixa a solicitude, logo dos trámites que coide oportunos, concederá ou denegará, segundo proceda, o cambio solicitado, circunstancia que, con indicación do país que expedise o permiso, os datos deste e do seu titular, se fará constar no Rexistro de condutores e infractores. Se no convenio que, se é o caso, existise non se dispuxese outra cousa, o permiso orixinal será devolto ao país de expedición.»

Once. Modifícase a denominación do capítulo VII do título I, que queda redactada da seguinte forma:

**«Da nulidade ou lesividade e perda de vixencia das autorizacións administrativas para conducir»**

Doce. Modifícase a denominación da sección 1.<sup>a</sup> do capítulo VII do título I, que queda redactada da seguinte forma:

**«DECLARACIÓN DE NULIDADE OU LESIVIDADE E PERDA DE VIXENCIA»**

Trece. O artigo 38 queda redactado da seguinte forma:

**«Artigo 38. Nulidade ou lesividade.**

As autorizacións administrativas para conducir reguladas neste título poderán ser obxecto de declaración de nulidade ou lesividade cando conorra algún dos supostos previstos nos artigos 62 e 63, respectivamente, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Catorce. Modifícase a denominación da sección 2.<sup>a</sup> do capítulo VII do título I, que queda redactada da seguinte forma:

**«PROCEDEMENTO PARA A DECLARACIÓN DE NULIDADE OU LESIVIDADE E PERDA DE VIXENCIA DAS AUTORIZACIÓNS»**

Quince. O artigo 40 queda redactado da seguinte forma:

**«Artigo 40. Procedemento para a declaración de nulidade ou lesividade.**

O procedemento para a declaración de nulidade ou lesividade axustarase ao establecido no capítulo I do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Dezaseis. Modifícase o número 2 e a alínea a) do punto 3.B) do artigo 41, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. O acordo de incoación conterá unha relación detallada dos feitos e das circunstancias que induzan a apreciar, racional e fundamentadamente, que desapareceu algún dos requisitos que se indican no punto anterior. En materia de coñecementos ou comportamentos, poderá considerarse que existe unha presunta desaparición destes cando o titular da autorización, durante o período de dous anos, fose sancionado en firme en vía administrativa pola comisión de tres infraccións moi graves, sexa cal sexa o vehículo co que se cometesen. Igualmente, adoptaranse no dito acordo, de procederen, as medidas cautelares de suspensión cautelar e intervención inmediata previstas no artigo 42.»

«a) Se a desaparición afecta aos coñecementos, habilidades, aptitudes ou comportamentos para conducir, someténdose ás probas de control

de coñecementos ou de aptitudes e comportamentos que, en virtude dos informes, asesoramentos e probas correspondentes, se consideren procedentes, ante a Xefatura Provincial de Tráfico que instruíse o procedemento.»

Dezasete. Modifícase a denominación da sección 3.<sup>a</sup> do capítulo VII do título I, que queda redactada da seguinte forma:

**«DISPOSICIÓN COMÚNS APLICABLES Á NULIDADE OU LESIVIDADE E PERDA DE VIXENCIA»**

Dezaoito. Modifícanse os números 1, 4 e 5 do artigo 42, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. No curso dos procedementos de declaración de nulidade ou lesividade ou declaración de perda de vixencia das autorizacións administrativas, poderá acordarse a suspensión cautelar da vixencia da autorización de que se trate cando o seu mantemento entrañe un grave perigo para a seguridade do tráfico ou prexudique notoriamente o interese público; neste caso, o xefe provincial de Tráfico que coñeza do expediente ordenará, mediante resolución fundada, a intervención inmediata da autorización e a práctica de cantas medidas sexan necesarias para impedir o efectivo exercicio da conducción, seguíndose en todo caso o procedemento, os requisitos e as exixencias da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

«4. A nulidade ou lesividade, a perda de vixencia e a suspensión cautelar e, se é o caso, a intervención poderán referirse a unha ou máis clases do permiso ou licenza de conducción que posúa o titular. En todo caso, no procedemento que se instrúa deberá indicarse claramente a clase ou as clases do permiso ou licenza afectados. De non afectar a todas elas, a Xefatura Provincial de Tráfico, de oficio, entregaralle ao interesado un novo documento no que consten os permisos ou licenzas non afectados.

5. A nulidade ou lesividade, perda de vixencia, suspensión cautelar e intervención levarán consigo a de calquera outro certificado, autorización administrativa ou documento cuxo outorgamento dependa da vixencia da clase ou das clases do permiso ou licenza obxecto do procedemento.»

Dezanove. Modifícanse o número 1 e o punto 2.1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup> a), b) e h) e 4.<sup>a</sup> c) do artigo 48, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Todo solicitante de permiso de conducción, calquera que sexa a súa clase, deberá posuír e demostrar que posúe un coñecemento razoado e unha boa comprensión de, polo menos, as materias que a continuación se indican:

1.<sup>a</sup> A vixilancia e as actitudes con respecto aos demais usuarios: a súa importancia. Necesidade dunha colaboración entre os usuarios: non molestar, non sorprender, advertir, comprender, prever os movementos dos demais.

2.<sup>a</sup> As funcións de percepción, de avaliación e de toma de decisións, principalmente o tempo de reacción e as modificacións dos comportamentos do condutor vinculados aos efectos do alcohol, drogas, medicamentos, enfermidades, estados emocionais, fatiga, sono e outros factores.

3.<sup>a</sup> Os principios relativos ao respecto das distancias de seguridade entre vehículos, á distancia de freada e á estabilidade do vehículo na vía tendo en conta as diferentes condicións meteorolóxicas

ou ambientais, as características dos distintos tipos e tramos de vía e o estado da calzada.

4.<sup>a</sup> Os riscos da condución vinculados aos diferentes estados da calzada e especialmente as súas variacións segundo as condicións atmosféricas, a hora do día ou da noite.

5.<sup>a</sup> A vía: clases de vía e partes da vía. Características dos diferentes tipos de vía e as disposicións legais derivadas disto.

6.<sup>a</sup> A condución segura en túneles.

7.<sup>a</sup> Os riscos específicos relacionados coa inexperiencia doutros usuarios da vía e cos usuarios máis vulnerables, como por exemplo os peóns (especialmente os nenos, as persoas de idade avanzada ou discapacitadas, as persoas cegas ou xordas), os ciclistas, os condutores de ciclomotores, de motocicletas, de coches de minusválido e outros.

8.<sup>a</sup> Os riscos inherentes á circulación e á condución dos diversos tipos de vehículos e ás diferentes condicións de visibilidade dos seus condutores.

9.<sup>a</sup> Os elementos mecánicos relacionados coa seguridade da condución e, en particular, poder detectar os defectos máis correntes que poidan afectar os sistemas de dirección, suspensión, rodas, freos e pneumáticos, iluminación e sinalización óptica (luzes, indicadores de dirección, catadióptricos) e escape, os retrovisores, lavaparabrisas e limpaparabrisas, e os cintos de seguridade e os sinais acústicos.

10.<sup>a</sup> Os equipamentos de seguridade dos vehículos, especialmente a utilización dos cintos de seguridade, repousacabezas e equipos de seguridade destinados aos nenos.

11.<sup>a</sup> A utilización do vehículo en relación co medio natural: uso adecuado dos sinais acústicos, condución económica e aforro de combustible, limitación de emisións contaminantes e outras medidas que lle cómpre ter en conta ao condutor para evitar a contaminación ambiental.

12.<sup>a</sup> As disposicións legais e regulamentarias en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, especialmente as que se refiren á sinalización, regras de prioridade e limitacións de velocidade.

13.<sup>a</sup> Normativa relativa aos documentos administrativos necesarios para circular conducindo un vehículo de motor: documentos relativos ao condutor, ao vehículo e, se é o caso, á carga transportada.

14.<sup>a</sup> Factores e cuestións de seguridade relativos á carga do vehículo e ás persoas transportadas.

15.<sup>a</sup> Os accidentes de circulación: factores que interveñen. Causas máis frecuentes dos accidentes.

16.<sup>a</sup> Normas xerais sobre o comportamento que debe adoptar o condutor en caso de accidente (sinalizar, alertar) e medidas e primeiros auxilios que pode adoptar, se procede, para socorrer as vítimas de accidentes de circulación.

17.<sup>a</sup> Precaucións necesarias ao abandonar o vehículo.»

«2. Os solicitantes de permiso de condución que a continuación se indican deberán posuír e demostrar que posúen, ademais dos indicados no punto 1 anterior, un coñecemento razoado e unha boa comprensión de, polo menos, as materias seguintes:

1.<sup>a</sup> Os solicitantes de permiso das clases A1 e A, sobre:

a) A normativa específica aplicable á condución e circulación de motocicletas, triciclos e cuadríciclos.

b) Utilización da indumentaria de protección, como luvas, botas, outras pezas de roupa e o casco.

c) Visibilidade das motocicletas polos demais usuarios da vía.

d) A técnica de condución de motocicletas.

e) Factores de risco ligados ás diferentes condicións da vía, prestando especial atención aos tramos esvaradíos tales como recubrimentos de drenaxe, sinais na calzada (liñas, frechas) e raíles de tranvía.

f) Aspectos mecánicos con incidencia na seguridade vial, prestando especial atención ás luces de emerxencia, aos niveis de aceite e á cadea de tracción.

2.<sup>a</sup> Os solicitantes de permiso de condución das clases C1 e C, sobre:

a) Mecánica, funcionamento e mantemento simple das partes e dispositivos do automóbil de interese para a seguridade que a continuación se indican: os motores de combustión interna; líquidos (por exemplo, aceite para o motor, líquido refrigerao, líquido de limpeza); circuíto de combustible; o sistema de distribución; o sistema de refrixeración; o sistema de alimentación; o sistema eléctrico; o sistema de iluminación; o sistema de transmisión; o sistema de suspensión; o sistema de dirección.

b) Aspectos xerais en materia de lubricación e protección anticonxelante.

c) As precaucións que cómpre ter en conta para desmontar e colocar as rodas.

d) Construción, montaxe, utilización correcta e mantemento dos pneumáticos.

e) Principios de tipos, funcionamento, partes principais, conexións, emprego e mantemento cotián dos mecanismos de freada e aceleración.

f) Métodos de busca das causas dunha avaría e capacidade para efectuar pequenas reparacións con axuda das ferramentas adecuadas.

g) Mantemento preventivo de vehículos e intervencións habituais necesarias.

h) A normativa específica, factores e cuestións de seguridade vial aplicables aos condutores, aos vehículos de transporte de mercadorías e á carga transportada.

i) A normativa sobre pesos e dimensións dos vehículos.

j) A normativa sobre inspeccións técnicas periódicas, ordinarias e extraordinarias de vehículos destinados ao transporte de mercadorías.

k) A normativa sobre tempos de condución e de descanso e utilización do aparello de control regulado nos regulamentos (CEE) n.º 3820/85, do Consello, do 20 de decembro de 1985, e n.º3821/85, do Consello, do 20 de decembro de 1985.

l) Utilización dos sistemas de freada e redución de velocidade.

m) Obstaculización da visibilidade para o condutor e os demais usuarios causada polas características do vehículo e a súa carga.

n) Influencia do vento na traxectoria do vehículo.

ñ) Precaucións que se deben adoptar ao adiantar a causa dos riscos derivados das proxeccións de auga, lama e outros elementos.

ou) A utilización económica dos vehículos.

p) As medidas que se deben adoptar tras un accidente ou incidente no que se refire ao seguro do automóbil.

q) Aspectos elementais da lexislación nacional aplicable ao transporte de mercadorías por estrada.

r) Aspectos elementais da responsabilidade do condutor no que se refire ao recibo, o transporte e a entrega das mercadorías de conformidade coas condicións convidadas.

s) Os documentos relativos ao condutor, aos vehículos e aos transportes requiridos no transporte de mercadorías en tráfico nacional e internacional.

t) Factores de seguridade relativos á carga do vehículo: control da carga (colocación e suxeición), dificultades con diferentes tipos de carga (líquidos, cargas que colgan), carga e descarga de mercadorías e emprego do material destinado para tal efecto.

u) Aspectos elementais das precaucións que se deben adoptar para o mantemento e o transporte de mercadorías perigosas.

v) Lectura, comprensión e utilización dun mapa de estradas e dun plano de poboación, así como dos seus índices, signos e símbolos convencionais utilizados, e planificación de itinerarios, incluídos os sistemas electrónicos de navegación.

w) Conduta que se debe observar en caso de accidente, coñecementos das medidas que hai que tomar en accidentes e ocasións similares, incluídas as medidas de emerxencia e os primeiros auxilios.»

«3.<sup>a</sup> Os solicitantes de permiso de condución das clases D1 e D, sobre:

a) Mecánica e mantemento simple das partes e dispositivos do automóbil de interese para a seguridade que se indican nas alíneas a) á g), ambas inclusive, do punto 2.2.<sup>a</sup> anterior.

b) As materias a que se refiren as alíneas h) á w), ambas inclusive, do punto 2.2.<sup>a</sup> anterior, excepto as que se indican nas alíneas q), r), s), t) e u). As contidas nas alíneas h) e j) entenderanse referidas aos vehículos destinados ao transporte colectivo de viaxeiros.»

«h) Conduta, comportamento e primeiros auxilios en caso de accidente ou incidente, incluídas as medidas de emerxencia tales como a evacuación dos pasaxeiros.»

«4.<sup>a</sup> c) Principios de tipos, funcionamento, partes principais, conexións, emprego e mantemento cotián dos sistemas de enganche e principios que cómpre ter en conta no enganche e desenganche de remolques e semirremolques ao vehículo tractor.»

Vinte. Modifícanse as alíneas a), c), d), e) e f) do número 1 e as alíneas a) e b) do número 2 do artigo 51, que quedan redactadas da seguinte forma:

«a) Disposicións legais e regulamentarias en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial (número 1.12.<sup>a</sup>).»

«c) A vía (números 1.3.<sup>a</sup>, 1.4.<sup>a</sup>, 1.5.<sup>a</sup>e 1.6.<sup>a</sup>).

d) Os demais usuarios da vía (números 1.7.<sup>a</sup>e 1.8.<sup>a</sup>).

e) Normativa xeral e varios (números 1.13.<sup>a</sup>, 1.14.<sup>a</sup>, 1.15.<sup>a</sup>, 1.16.<sup>a</sup> e 1.17.<sup>a</sup>).

f) Outros (números 1.9.<sup>a</sup>, 1.10.<sup>a</sup> e 1.11.<sup>a</sup>).»

«a) Os permisos de condución das clases A1 e A, unha proba de control de coñecementos específicos sobre as materias a que se refire o número 2.1.<sup>a</sup>, letras a), b), c), d), e) e f).

b) Os do permiso das clases C1 e C, unha proba de control de coñecementos sobre mecánica e

mantemento simple do automóbil a que se refiren as alíneas a) á g), ambas inclusive, do punto 2.2.<sup>a</sup>, e outra proba de control de coñecementos específicos sobre as materias a que se refiren as alíneas h) á w), ambas inclusive.»

Vinte e un. O artigo 52 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 52. *Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado.*

1. O contido da proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado orientarase a comprobar a destreza e habilidade dos aspirantes no dominio e manexo do vehículo e os seus mandos.

2. Os solicitantes de permiso de condución das clases A1 e A realizarán as seguintes manobras:

- A) Zigzag entre fitos a velocidade reducida.
- B) Circular sobre unha franxa de largo limitado.
- C) Zigzag entre fitos.
- D) Evitar un obstáculo.
- E) Aceleración e freada.
- F) Freada de emerxencia controlada.

As manobras A) e B) realizaranse a pouca velocidade e deben permitir comprobar o manexo do embrague en combinación co freo, o equilibrio, a dirección da visión, a posición sobre a motocicleta e a posición dos pés nos repousapés.

As manobras C) e D) realizaranse a máis alta velocidade: a primeira, alcanzando polo menos 30 km/h, e a segunda, para evitar un obstáculo a unha velocidade mínima de 50 km/h, e deben permitir comprobar a posición sobre a motocicleta, a dirección da visión, o equilibrio, a técnica de condución e a técnica do cambio de marchas.

As manobras E) e F) realizaranse a velocidades mínimas de 30 km/h e 50 km/h, respectivamente, e deben permitir comprobar o manexo do freo dianteiro e traseiro, a dirección da visión e a posición sobre a motocicleta.

Unha vez realizadas as manobras, o aspirante deixará a motocicleta correctamente estacionada, apoiada sobre o seu soporte central ou lateral e co motor parado.

Previamente á realización destas manobras, os aspirantes deberán:

a) Colocar e axustar o casco e, se é o caso, a indumentaria de protección, como luvas, botas e outras roupas.

b) Efectuar verificacións de forma aleatoria do estado dos pneumáticos, dos freos, do sistema de dirección, do interruptor de parada de emerxencia (se existise), da cadea de tracción, do nivel de aceite, dos faros, dos catadióptricos, dos indicadores de dirección e do sinal acústico.

c) Quitar o soporte do vehículo e desprazalo sen axuda do motor camiñando ao seu lado e conservando o equilibrio.

d) Poñer en marcha o motor e prepararse para realizar as manobras antes indicadas.

3. Os solicitantes de autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 ou de permiso da clase B realizarán as seguintes manobras con incidencia na seguridade vial:

G) Marcha atrás en recta e curva efectuando un percorrido en marcha atrás, mantendo unha traxectoria rectilínea e utilizando a vía de circula-



ción adaptada para virar á dereita ou á esquerda nunha esquina.

H) Cambio de sentido da marcha utilizando as velocidades cara a adiante e cara a atrás, en espazo limitado.

I) Estacionamento e saída do espazo ocupado ao estacionar (en paralelo, oblicuo ou perpendicular), utilizando as marchas cara a adiante e cara a atrás, en chan ou en pendente ascendente ou descendente.

J) Arrincada sen sacudidas nin retrocesos en pendente ascendente ou descendente.

K) Freada para deter o vehículo con precisión, utilizando, se é necesario, a capacidade máxima de freada daquel.

Das cinco manobras antes establecidas, cada aspirante deberá realizar polo menos tres, das que unha conterá unha marcha atrás. Estas manobras poderán realizarse durante o desenvolvemento da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e, cando as circunstancias o aconsellen, en circuíto pechado.

Previamente á realización destas manobras, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de prepararse para unha condución segura satisfacendo as prescricións seguintes:

a) Regular o asento para conseguir unha posición sentada correcta.

b) Axustar os retrovisores, o cinto de seguridade e os repousacabezas, se existen.

c) Controlar o peche das portas.

d) Efectuar verificacións de forma aleatoria do estado dos pneumáticos, do sistema de dirección, dos freos, de líquidos (por exemplo, aceite do motor, líquido refrixerante, líquido do lavaparabrisas), dos faros, dos catadióptricos, dos indicadores de dirección e do sinal acústico.

4. Os solicitantes de permiso das clases C1 e C, ademais das manobras G) e I) indicadas no número 3, realizarán obrigatoriamente a seguinte manobra con incidencia na seguridade vial:

L) Estacionamento seguro para cargar ou descargar nunha rampla ou plataforma de carga ou instalación similar.

5. Os solicitantes de permiso das clases D1 e D, ademais das manobras G) e I) indicadas no número 3, realizarán obrigatoriamente a seguinte manobra con incidencia na seguridade vial:

M) Estacionar para deixar que os pasaxeiros entren e saian con seguridade.

6. Previamente á realización das manobras indicadas nos números 4 e 5, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de prepararse para unha condución segura satisfacendo obrigatoriamente, ademais das prescricións establecidas nas alíneas a), b) e d) do número 3 para os aspirantes á obtención do permiso da clase B, algunha das seguintes:

a) Verificar a asistencia da freada e a dirección; comprobar o estado das rodas, dos seus parafusos de fixación, dos gardalamas, os parabrisas, as ventás e os limpaparabrisas; comprobar e utilizar o panel de instrumentos, incluído o aparello de control regulado no Regulamento (CEE) n.º 3821/85, do Consello, do 20 de decembro de 1985.

b) Comprobar a presión, os depósitos de aire e a suspensión.

c) Comprobar os factores de seguridade en relación coa carga do vehículo: compartimento de carga, láminas, portas de carga, mecanismo de carga (se existe), peche da cabina (se existe), colocación da carga e suxeición desta (clase C1 e C unicamente).

d) Ser capaz de tomar medidas especiais de seguridade do vehículo; comprobar as bodegas de carga, as portas de servizo, as saídas de emerxencia, o material de primeiros auxilios, os extintores e demais equipos de seguridade (clases D1 e D unicamente).

7. Os solicitantes de permiso da clase B+E, ademais das manobras G) e I) e, facultativamente a J), indicadas no número 3, realizarán obrigatoriamente as seguintes manobras con incidencia na seguridade vial:

N) Proceder ao enganche e desenganche do remolque.

Esta manobra debe comezar co vehículo tractor e o seu remolque un ao lado do outro (é dicir, non en liña).

N) Estacionamento seguro para cargar ou descargar.

Previamente á realización destas manobras, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de prepararse para unha condución segura satisfacendo obrigatoriamente, ademais das prescricións establecidas nas alíneas a), b), c) e d) do número 3 para os aspirantes á obtención do permiso da clase B, as seguintes:

a) Comprobar os factores de seguridade en relación coa carga do remolque: compartimento de carga, láminas, portas de carga, peche da cabina (se existe), colocación da carga e suxeición desta.

b) Comprobar o mecanismo de enganche, do freo e das conexións eléctricas.

8. Os solicitantes de permiso das clases C1+E, C+E, D1+E, e D+E, ademais das manobras G) e I), e, facultativamente, J) do número 3 e N) do número 7, realizarán obrigatoriamente as seguintes manobras con incidencia na seguridade vial:

a) A manobra L) do número 4 para as clases C1+E e C+E.

b) A manobra M) do número 5 para as clases D1+E e D+E.

Previamente á realización destas manobras, os aspirantes deberán demostrar que son capaces de prepararse para unha condución segura satisfacendo obrigatoriamente as prescricións establecidas nas alíneas a), b), c) e d) do número 6 e nas alíneas a) e b) do último parágrafo do número 7.»

Vinte e dous. O artigo 53 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 53. *Proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral.*

1. Todo aspirante a permiso de condución, durante o desenvolvemento da proba de control de aptitudes e comportamentos en vías abertas ao tráfico xeral, deberá efectuar, en situacións normais de circulación, con toda seguridade e coas precaucións necesarias, as operacións e manobras establecidas nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 49 que non fosen valoradas na proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado e as contidas no artigo 50.

Previamente á realización da proba, deberán demostrar, en canto sexan compatibles co vehículo, que son capaces de prepararse para unha conducción segura cumprindo o establecido no número 1 do citado artigo 49.

2. Os aspirantes a permiso da clase A deberán demostrar, ademais, que son capaces de conservar o equilibrio a diferentes velocidades, incluída a marcha lenta, e en diversas situacións de conducción e circulación.

3. Os aspirantes a permiso das clases B+E, C1, C, D1, C1+E, C+E, D1+E e D+E deberán demostrar, ademais, que son capaces de efectuar as operacións establecidas no número 5 do artigo 49.

4. Os aspirantes a permiso da clase D deberán demostrar, ademais, que son capaces de adoptar as disposicións particulares relativas á seguridade do vehículo.

5. Os condutores de todo vehículo de motor deberán posuír, para conducir con seguridade, os coñecementos, aptitudes e comportamentos expostos nos artigos 48 ao 53 que lles permitan:

a) Discernir os perigos orixinados pola circulación e valorar a súa gravidade.

b) Dominar o seu vehículo co fin de non crear situacións perigosas e reaccionar de forma apropiada cando estas se presenten.

c) Observar as disposicións legais en materia de circulación vial, en particular as que teñen por obxecto prever os accidentes da estrada e garantir a fluidez da circulación.

d) Detectar os defectos técnicos máis importantes do seu vehículo, en particular os que poñan en perigo a seguridade, e remedialos debidamente.

e) Ter en conta todos os factores que afectan ao comportamento dos condutores (alcohol, cansazo, vista deficiente, etc.), co fin de conservar a utilización plena das capacidades necesarias para a seguridade da conducción.

f) Contribuír á seguridade de todos os usuarios, en particular dos máis débiles e dos máis expostos, mediante unha actitude respectuosa cara a todos eles.

6. En cada unha das situacións de conducción, a avaliación referirase á soltura do aspirante no manexo dos diferentes mandos do vehículo e o dominio que demostrará para se introducir na circulación con total seguridade.

Ao longo da proba, o aspirante deberá dar unha impresión de seguridade. Os erros de conducción ou un comportamento perigoso que ameace a seguridade inmediata do vehículo de exame, os seus pasaxeiros ou outros usuarios da vía, tanto se é necesaria como se non a intervención do examinador ou acompañante, será causa suficiente para interromper a proba e cualificar inmediatamente a falta de aptitude do aspirante. Non obstante, en atención ás circunstancias, especialmente a densidade do tráfico e a seguridade da circulación, o examinador poderá decidir se nalgún caso é conveniente continuar a proba.

A actuación dos examinadores deberá ser controlada e supervisada pola Xefatura Provincial de Tráfico á que estean adscritos, co fin de garantir a aplicación correcta e homoxénea das disposicións relativas á valoración das faltas conforme as normas que establece este regulamento.

7. Na súa apreciación, os examinadores deberán prestar especial atención ao feito de se os aspirantes mostran un comportamento prudente e cortés. Este é un reflexo da forma de conducir considerada na súa globalidade, que o examinador debe ter en conta para se facer unha idea xeral

da preparación do aspirante. Será un criterio positivo unha conducción flexible e disposta, á parte de segura, e terá en conta as condicións meteorolóxicas e da vía pública, dos demais vehículos, os intereses dos demais usuarios daquela, especialmente dos máis vulnerables, e a capacidade de anticipación.

8. O examinador tamén analizará do aspirante os seguintes aspectos:

a) Control do vehículo, tendo en conta: a correcta utilización dos cintos de seguridade, os retrovisores, os repousacabezas, o asento; o manexo correcto do embrague, a caixa de cambios, o acelerador, os sistemas de freada, a dirección; o control do vehículo en diferentes circunstancias, a distintas velocidades; a estabilidade na estrada; o peso, as dimensións e características do vehículo; o peso e tipo de carga (clases B+E, C1, C1+E, C, C+E, D+E e D1+E unicamente); o confort dos pasaxeiros (clases D, D+E, D1, D1+E unicamente), sen aceleracións bruscas, suavidade na conducción ou ausencia de freadas.

b) Conducción económica e non prexudicial para o ambiente, tendo en conta as revolucións por minuto, o cambio de marchas, a utilización de freos e acelerador (clases B+E, C1, C1+E, C, C+E, D, D+E, D1, D1+E unicamente).

c) Capacidade de observación: observación panorámica; utilización correcta dos espellos; visión ao lonxe, mediana, próxima.

d) Prioridades / ceda o paso: prioridade en encrucilladas e interseccións; ceda o paso noutras ocasións especialmente, ao cambiar de dirección, ao cambiar de carril, en manobras especiais.

e) Posición correcta na vía pública: posición correcta na calzada, nos carrís, nas rotondas, nas curvas, posición apropiada tendo en conta o tipo e as características do vehículo; preposicionamento.

f) Distancias: a distancia adecuada de separación frontal e lateral e a distancia adecuada dos demais usuarios da vía pública.

g) Velocidade: non superior á autorizada; adecuación da velocidade ás condicións meteorolóxicas e do tráfico e, cando proceda, aos límites establecidos; conducción a unha velocidade á que sempre sexa posible deterse no tramo visible e libre; adecuación da velocidade á dos demais usuarios do mesmo tipo.

h) Semáforos, sinais de tráfico e outros factores: actuación correcta ante os semáforos; observancia das indicacións dos axentes ou, se é o caso, outros encargados de controlar o tráfico; comportamento correcto ante os sinais de tráfico (prohibicións ou obrigas); respecto dos sinais na calzada.

i) Sinalización: uso dos sinais oportunos cando sexa necesario, correctamente e no seu momento; reaccionar de forma apropiada ante os sinais emitidos por outros usuarios da vía.

j) Freada e detención: desaceleración ao seu momento, freada e detención acordes coas circunstancias; capacidade de anticipación; utilización de varios sistemas de freada (unicamente para as clases C, C+E, D, D+E); utilización de sistemas de redución da velocidade diferentes dos freos (unicamente para as clases C, C+E, D, D+E).»

Vinte e tres. Modifícase o parágrafo primeiro e suprímese o parágrafo terceiro do número 1 do artigo 57, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As probas, tanto as de control de coñecementos como as de control de aptitudes e com-



portamentos, serán cualificadas de apto ou non apto. A declaración de aptitude nunha proba terá un período de vixencia de seis meses, contado desde o día seguinte a aquel en que o aspirante foi declarado apto na proba, sen que este período poida ser prorrogado. A superación da proba seguinte dentro deste consolidará a vixencia da proba anteriormente superada.»

Vinte e catro. Modifícanse os números 4 e 5 do artigo 58, que quedan redactados da seguinte forma:

«4. Estarán exentos de realizar a proba de control de coñecementos a que se refire o número 4 do artigo 51 para obter licenza que autoriza para conducir ciclomotores os que acrediten documentalmente:

a) Teren adquirido, nunha escola particular de condutores que conte cunha autorización específica da Xefatura Provincial de Tráfico, os coñecementos necesarios para conducir ciclomotores. O curso que para tal efecto se imparta terá unha duración mínima de oito horas lectivas e axustarase ao programa que estableza a Dirección Xeral de Tráfico. A concesión da autorización para impartir estes cursos quedará supeditada a que a escola presente ante a Xefatura Provincial de Tráfico o correspondente programa, con indicación do sistema de avaliación e as probas que se deben realizar, con expresión, para cada curso, do calendario, o horario e a relación de alumnos inscritos e do persoal docente.

b) Teren superado con aproveitamento nun colexio, instituto ou outro centro de formación un curso ou disciplina optativa na que se traten os coñecementos necesarios para conducir ciclomotores, sempre que o programa que se imparta conte coa aprobación da Dirección Xeral de Tráfico.

5. Estarán exentos de realizar a proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado os que soliciten autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 7.3 e sexan titulares dun permiso en vigor da clase B, con máis dun ano de antigüidade.»

Vinte e cinco. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 61, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Ademais da declaración de non apto na convocatoria de que se trate, poderá acordarse a interrupción e suspensión inmediata das probas de control de aptitudes e comportamentos cando os aspirantes denoten manifesta impericia, carencia do dominio do vehículo ou dos seus mandos e cometan erros ou faltas que, individualmente consideradas ou por acumulación con outras, impliquen a dita cualificación ou se dean os supostos previstos no artigo 59.4.»

Vinte e seis. Modifícase o número 2 e incorpóraselle un novo número 3 ao artigo 62, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. A proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral terá lugar, se é posible, en estradas situadas fóra das aglomeracións, en autoestradas ou auto-vías, así como en todo tipo de vías urbanas (zonas residenciais, zonas con limitacións de 30 e 50 km/h), que deberán presentar os diferentes tipos de dificultades que pode encontrar un condutor.

Sempre que sexa posible, a proba desenvólvese en diferentes condicións de densidade de tráfico. O tempo transcorrido na estrada debe utilizarse de forma óptima co fin de probar ao aspirante nos diferentes tipos de tráfico que se poden encontrar, facendo especial fincapé na transición dun a outro.

3. Con obxecto de lograr a necesaria fluidez na realización das probas de control de aptitudes e comportamentos, poderá limitarse o número de aspirantes que realicen estas probas co mesmo vehículo.»

Vinte e sete. Modifícase a alínea a) do número 1 do artigo 73, que queda redactado da seguinte forma:

«a) No centro de exames que, atendidas as circunstancias e as posibilidades do servizo, determine a Xefatura Provincial de Tráfico na que se presentase a solicitude, cando as probas sexan para obter ou ampliar a autorización.»

Vinte e oito. Modifícase a alínea c) do número 2 do artigo 81, que queda redactado da seguinte forma:

«c) Unha fotografía actualizada de 32 por 25 milímetros se o permiso civil polo que se cambie se vai expedir no modelo do anexo I, ou unha fotografía actualizada das características que se determinen se o permiso civil polo que se cambie se vai expedir no modelo do anexo I bis.»

Vinte e nove. Modifícase o parágrafo segundo do artigo 82, que queda redactado da seguinte forma:

«A formación impartida nas escolas a que se refire o parágrafo anterior e as probas realizadas axustaranse, con carácter xeral, ao disposto no capítulo III do título II deste regulamento, sen prexuízo das especialidades que correspondan á natureza militar dos vehículos e que deberán ser tomadas en conta ao outorgar a autorización da escola ou organismo. Tamén se axustarán ao disposto no dito capítulo III os vehículos militares empregados nas referidas probas, na medida en que o permitan as súas características especiais e os criterios operativos que rexen a dotación de material automóbil nas Forzas Armadas.»

Trinta. Engádeselle un terceiro parágrafo á disposición adicional segunda, co seguinte contido:

«En todo caso, unicamente se entenderá por residencia normal a permanencia en España en situación regular que deberá ser debidamente acreditada, de acordo co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.»

Trinta e un. A disposición adicional sexta queda redactada da seguinte forma:

«Sexta. Escolas oficiais de policía.

Para efectos do disposto no artigo 7.3, e sen prexuízo do establecido nos artigos 80 a 82, as escolas oficiais de policía que contén con autorización da Dirección Xeral de Tráfico poderán expedir, para os seus efectivos policiais e, se é o caso, para bombeiros, axentes forestais ou outros colectivos profesionais cuxa formación como condutores tivesen atribuída, sempre que estes sexan titulares dun permiso de conducción da clase B con polo menos un ano de antigüidade, un certificado que acredite a suficiencia nos coñecementos teóricos

exixidos para obter a habilitación que faculte para conducir vehículos prioritarios, o cal substituirá as probas previstas no artigo 51.3.

Igualmente, para efectos da obtención do permiso de condución da clase A que autoriza para conducir motocicletas cunha potencia superior a 25 quilowatts ou unha relación potencia/peso superior a 0,16 quilowatts/quilogramo (ou motocicletas con sidecar cunha relación potencia/peso superior a 0,16 quilowatts/quilogramo), as escolas ás que se refire o parágrafo anterior poderán impartir, para os seus efectivos policiais e os colectivos profesionais a que se refire o parágrafo anterior, sempre que estes sexan titulares de permiso de condución da clase A cunha potencia igual ou inferior a 25 quilowatts ou unha relación potencia/peso igual ou inferior a 0,16 quilowatts/quilogramo e cumprisen a idade de 21 anos, un curso específico teórico e práctico que substitúa a experiencia mínima de dous anos na condución de motocicletas de características inferiores ás indicadas para a obtención do permiso de condución da clase A pero superiores ás das motocicletas que autoriza para conducir o permiso da clase A1, requirida polo artigo 7.1.b).1.º Finalizado o curso, as escolas someterán aos que superasen o citado curso á proba específica de control de aptitudes e comportamentos en circuito pechado establecido no artigo 52.2, realizada cunha motocicleta sen sidecar cunha potencia de polo menos 35 quilowatts. O certificado acreditativo da superación desta proba servirá para a expedición pola Xefatura Provincial de Tráfico correspondente ao lugar en que radique a escola do correspondente permiso de condución.

A concesión da autorización e o permiso a que se refiren os das alíneas anteriores quedará supeitada a que as mencionadas escolas presenten, ante a Dirección Xeral de Tráfico, a programación dos correspondentes cursos con indicación das súas características, as materias de que consta, o sistema de avaliación e as probas que se deban realizar.»

Trinta e dous. Engádese unha disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

«Oitava. Linguas oficiais.

Quen teña o seu domicilio nalgunha das comunidades autónomas con lingua oficial propia distinta do castelán poderán solicitar na Xefatura Provincial de Tráfico correspondente a tal domicilio que os epígrafes numerados do seu permiso de condución consten na lingua oficial da súa comunidade autónoma ademais de en castelán.»

Trinta e tres. Engádese unha disposición adicional novena coa seguinte redacción:

«Novena. Referencias á Xefatura Provincial de Tráfico neste regulamento.

Entenderase que todas as referencias realizadas neste regulamento á Xefatura Provincial de Tráfico inclúen tamén as xefaturas locais de Tráfico das cidades de Ceuta e Melilla.»

Trinta e catro. A disposición transitoria novena queda redactada da seguinte forma:

«Novena. Vehículos que se utilizan nas probas de control de aptitudes e comportamentos.

Os vehículos que se utilizan nas probas de aptitude para a obtención dos permisos das clases B+E, C1, C1+E, C, C+E, D+E, e D1+E dados de alta nas escolas ou nas súas seccións con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 772/1997, do

30 de maio, e que non cumprisen os requisitos exixidos neste, poderán seguir utilizándose nas probas de aptitude ata transcorrido un prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste regulamento, a non ser que antes causen baixa na escola ou sección. Os que cumprisen estes requisitos e os dados de alta con posterioridade á entrada en vigor do mencionado real decreto que non se axusten aos criterios mínimos exixidos no anexo VII deste regulamento poderán seguir utilizándose ata o 30 de setembro de 2013. Desde esta mesma data serán exixibles os requisitos concernentes á carga transportada por estes vehículos.»

Trinta e cinco. A disposición transitoria décima queda redactada da seguinte forma:

«Décima. Proba de control de aptitudes e comportamentos en circuito pechado para a obtención do permiso de condución das clases A1 e A.

As manobras A) a F) establecidas no número 2 do artigo 52, correspondentes á proba de control de aptitudes e comportamentos en circuito pechado para a obtención do permiso de condución das clases A1 e A, serán exixibles a partir do 30 de setembro de 2008. Ata esa data continuarán realizándose as manobras A) a H) establecidas neste regulamento.»

Trinta e seis. A disposición transitoria décimo primeira queda redactada da seguinte forma:

«Décimo primeira. Implantación progresiva do novo modelo de permiso de condución.

A implantación do modelo de permiso de condución do anexo I bis deste regulamento efectuarase de forma progresiva, de acordo co calendario que se estableza por orde do ministro do Interior, na que se determinarán ademais as medidas das fotografías do citado modelo, expedíndose a partir da súa entrada en vigor no dito modelo os permisos novos para cuxa obtención fose necesario superar as correspondentes probas de aptitude e aqueles cuxa vixencia estivese vencida.»

Trinta e sete. Engádese unha disposición transitoria décimo quinta coa seguinte redacción:

«Décimo quinta. Duplicados de permisos de condución.

Os duplicados que, por calquera causa, se soliciten de permisos que correspondan ao modelo do anexo I se expedirán de acordo con este modelo ata o momento da súa prórroga de vixencia.»

Trinta e oito. A disposición derradeira única pasa a numerarse como primeira e engádese unha disposición derradeira segunda coa seguinte redacción:

«Segunda. Habilitación para a modificación dos anexos.

Facúltase o ministro do Interior, logo do informe dos ministros competentes por razón da materia, para modificar por orde os anexos deste regulamento. A modificación do anexo IV requirirá, en todo caso, a conformidade do ministro de Sanidade e Consumo.»

Trinta e nove. Modifícase a alínea 5.º do punto 2.b) e os gráficos co anverso e reverso do documento modelo do permiso de condución, do anexo I, que quedan redactados da seguinte forma:

«5.º A fotografía do titular e a súa sinatura.»

# GRÁFICOS CO ANVERSO E O REVERSO DO DOCUMENTO

5

04-0000000

6

CATEGORÍAS DE VEHÍCULOS PARA OS CALES É VÁLIDO O PERMISO NO TERRITORIO NACIONAL

CAT	DESDE	ATA	MENCIÓNS SELO
CAMBIO DE RESIDENCIA			

1

REINO DE ESPAÑA



**PERMISO DE CONDUCCIÓN**

Řidičský průkaz	Vairuotojo pažymėjimas
Kørekort	Vezetői engedély
Führerschein	Ličenzijs tas-Sewqan
Juhituba	Rijbewijs
Άδεια Οδήγησης	Prawo Jazdy
Driving Licence	Carta de Conducção
Permis de conduire	Vodičský preukaz
Ceadúnas Tiomána	Vozniško dovoljenje
Patente di guida	Ajokortti
Vadītāja apliecība	Körkort

Modelo das  
COMUNIDADES EUROPEAS

1 APELIDOS

2

2 NOME

3 DATA/LUGAR DE NACIMENTO

4 EXPEDIDO POLO XEFE DE TRÁFICO















6 FOTOGRAFIA














O:  
EN:

5 NÚMERO

7 SINATURA DO TITULAR

CATEGORÍAS DE VEHÍCULOS PARA OS CALES É VÁLIDO O PERMISO

	DESDE	3
<b>A1</b>  ≤ 125 cc ≤ 11 kw		
<b>A</b>	<b>A</b>  ≤ 25 kw ≤ 0.16 kw/kg	
		
<b>B</b>	<b>B</b>  ≤ 3.500 kg ≤ (1 + 8 h)	
	<b>C1</b>  ≤ 7.500 kg	
<b>C</b>	<b>C</b> 	
	<b>D1</b>  ≤ (1 + 16 h)	
<b>D</b>	<b>D</b> 	
	<b>B</b>  	
<b>E</b>	<b>C1</b>  ≤ 12.000 kg	
	<b>C</b> 	
	<b>D1</b>  ≤ 12.000 kg	
	<b>D</b> 	

ATA	RESTRICIÓN/MENCIÓN	SELO	4
			
			
			
			
			
			
			
			
			
			
			
			
			



Corenta. Engádesse un anexo I bis coa seguinte redacción:

### «ANEXO I BIS

#### Modelo comunitario alternativo de permiso de conducción

1. As características físicas da tarxeta correspondente ao modelo de permiso de conducción serán conformes as normas ISO 7810 e ISO 7816-1.

2. O permiso constará de dúas caras:

A páxina 1 conterá:

1.º A mención «permiso de conducción», en letras maiúsculas.

2.º A mención «Reino de España».

3.º A letra «E», como signo distintivo de España.

4.º As informacións específicas do permiso expedido constarán numeradas do seguinte modo:

(1) o (os) apelido (s) do titular;

(2) o nome do titular;

(3) a data e o lugar de nacemento do titular;

(4) a) a data de expedición do permiso,

b) a data de expiración da validez administrativa do permiso,

c) a designación da autoridade expedidora;

(5) o número de permiso;

(6) a fotografía do titular;

(7) a sinatura do titular;

(8) as categorías ou subcategorías de vehículos que o titular ten dereito a conducir.

5.º A mención «permiso de conducción» nas demais linguas da Comunidade Europea, impresa

en rosa, de modo que sirva de fondo do permiso, ademais de, en forma tenue, o escudo de España.

A páxina 2 conterá:

1.º

(9) As categorías ou subcategorías de vehículos que o titular teña dereito a conducir;

(10) a data da primeira expedición de cada categoría ou subcategoría (esta data deberá transcribirse ao novo permiso en toda substitución ou intercambio posteriores);

(11) a data de expiración de validez de cada categoría ou subcategoría;

(12) se é o caso, as mencións adicionais ou restritivas en forma codificada con respecto a cada categoría ou subcategoría ás que se apliquen.

Os códigos estableceranse do seguinte modo:

Códigos 1 a 99 códigos comunitarios harmonizados.


Códigos 100 e posteriores códigos nacionais válidos unicamente en circulación por territorio español.

(13) Un espazo reservado para que outro Estado membro de acollida poida inscribir facultativamente mencións indispensables para a xestión do permiso.

2.º Unha explicación dos epígrafes numerados que aparecen nas páxinas 1 e 2 do permiso (polo menos os epígrafes 1, 2, 3, 4a, 4b, 4c, 5, 10, 11 e 12).

3.º No fondo, impresos en forma tenue figurarán dous escudos de España e a palabra «Tráfico».

# GRÁFICOS CO ANVERSO E O REVERSO DO DOCUMENTO



6.

5.

**PERMISO DE CONDUCCIÓN REINO DE ESPAÑA**

1.

2.

3.

4a.

4b.

4c.

7.

8.

13.

14.

1. Apellidos 2. Nome

3. Data e lugar de nacemento

4a. Válido desde

4b. Válido ata













4c. Autoridade que expide o permiso

5. Número

10. Válido desde

11. Válido ata

12. Observacións

	9.	10.	11.	12.
A1				
A				
B				
C1				
C				
D1				
D				
BE				
C1E				
CE				
D1E				
DE				
btp				
12.				

REDA ANS

Corenta e un. Modifícase a alínea b) do número 2 e as páxinas 2 e 3 do modelo do documento do anexo II, que quedan redactados da seguinte forma:

«b) Na páxina 2:

1.º Os vehículos para cuxa condución autoriza.




2.º O selo da Xefatura de Tráfico.


3.º O número da licenza.

4.º O nome e apelidos do titular a favor do que se outorga a licenza.

5.º A data e o lugar de nacemento.»



2 VEHÍCULOS QUE AUTORIZA A CONDUCIR A LICENZA		Selo da autoridade
Ciclomotores (LCC)		
Coches de minusválido (LCM)		
Vehículos especiais agrícolas autopropulsados (*) (LVA)		
<b>1 APELIDOS</b> <b>N.º</b>		
<b>2 NOME</b>		
<b>3 DATA E LUGAR DE NACEMENTO</b>		

DESDE	ATA	3
<b>5 EXPEDIDO POLO/A XEFE/A DE TRÁFICO</b>		
O: EN:		
<b>SINATURA DO TITULAR</b>		

Corenta e dous. Modifícanse o parágrafo inicial do número 1, as alíneas segunda e terceira da columna (4) e o parágrafo terceiro da columna (5) do número 1.1; as columnas (2) e (3) do número 1.2; as columnas (4) e (5) do número 1.3; as columnas (2) e (4) do número 1.4; inclúese un terceiro parágrafo nas columnas (2) e (3), modifícase o parágrafo primeiro e inclúese un terceiro parágrafo na columna (4) e inclúese un terceiro parágrafo na columna (5) do número 1.6, e modifícase o parágrafo segundo da columna (2) do número 1.7 do anexo IV, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Capacidade visual.

Se para alcanzar a agudeza visual requirida cómprese a utilización de lentes correctoras, deberá expresarse, no informe de aptitude psicofísica, a obriga do seu uso durante a condución. Estas lentes deberán ser ben toleradas. Para efectos deste anexo, as lentes intraoculares non deberán considerarse como lentes correctoras, e entenderase como visión monocular toda agudeza visual igual ou inferior a 0,10 nun ollo, con ou sen lentes correctoras, debida a perda anatómica ou funcional de calquera etiología.»

1.1 Columna (4), parágrafo segundo:

«Os afectados de visión monocular con agudeza visual no ollo mellor de 0,6 ou maior, e máis de tres meses de antigüidade en visión monocular, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza, sempre que reúnan as demais capacidades visuais. Cando, polo grao de agudeza visual ou pola existencia dunha enfermidade ocular progresiva, os recoñecementos periódicos que se realicen fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, o período de vixencia fixarase segundo criterio médico. Espello retrovisor exterior a ambos os lados do vehículo e, se é o caso, espello interior panorámico. Velocidade máxima 100 km/hora.»

1.1 Columna (4), parágrafo terceiro:

«Tras un mes de efectuada cirurxía refractiva, presentando informe da intervención, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza, con período de vixencia máximo dun ano. Transcorrido un ano desde a data da intervención, e tendo en conta o defecto de refracción precirúrxico, a refracción actual e a posible existencia de efectos secundarios non desexados, a criterio oftalmolóxico fixarase o período de vixencia posterior.»

1.1 Columna (5), parágrafo terceiro:

«En caso de cirurxía refractiva, e transcorridos tres meses desde a intervención, presentando informe da intervención, poderase obter ou prorrogar o permiso con período de vixencia máximo dun ano. Transcorrido un ano desde a data da intervención, e tendo en conta o defecto de refracción precirúrxico, a refracción actual e a posible existencia de efectos secundarios non desexados, a criterio oftalmolóxico fixarase o período de vixencia posterior.»

1.2 Columna (2) parágrafo primeiro:

«Se a visión é binocular, o campo binocular debe ser normal. No exame binocular, o campo visual central non ha de presentar escotomas absolutos en puntos correspondentes de ambos os ollos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.»

1.2 Columna (2) parágrafo segundo:

«Se a visión é monocular, o campo visual monocular debe ser normal. O campo visual central non ha de presentar escotomas absolutos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.»

1.2 Columna (3) parágrafo primeiro:

«Débese posuír un campo visual binocular normal. Tras a exploración de cada un dos campos monoculares, estes non han de presentar reducións significativas en ningún dos seus meridianos. No exame monocular, non se admite a presenza de escotomas absolutos nin escotomas relativos significativos na sensibilidade retiniana.»

1.2 Columna (3) parágrafo segundo:

«Non se admite visión monocular.»

1.3 Columna (4):

«Transcorrido un mes de establecidas, se se alcanzan os valores determinados nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 1.º, o período de vixencia do permiso ou licenza será, como máximo, de tres anos, segundo criterio médico.»

1.3 Columna (5):

«Transcorridos dous meses de establecidas, se se alcanzan os valores determinados nos números 1.1 e 1.2 correspondentes ao grupo 2.º, o período de vixencia do permiso será, como máximo, de tres anos, segundo criterio médico.»

1.4 Columna (2):

«Non deben existir alteracións significativas na capacidade de recuperación ao cegamento nin alteracións da visión mesópica.»

1.4 Columna (4):

«No caso de padecer alteracións da visión mesópica ou do cegamento, deberanse establecer as restricións e limitacións que, a criterio oftalmolóxico sexan precisas para garantir a seguridade na condución. En todo caso débense descartar patoloxías oftalmolóxicas que orixinen alteracións incluídas nalgún dos restantes puntos sobre capacidade visual.»

1.6 Columna (2), parágrafo terceiro:

«Non se admiten outros defectos da visión binocular nin estrabismos que impidan alcanzar os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 1.º, ambos inclusive. Cando non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 1.º, ambos inclusive, o oftalmólogo deberá valorar, principalmente, as súas consecuencias sobre a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de cabaleiros e a aparición de diplopía, así como a probable evolución do proceso, fixando en consecuencia o período de vixencia.»

1.6 Columna (3), parágrafo terceiro:

«Non se admiten outros defectos da visión binocular nin os estrabismos.»

## 1.6 Columna (4), parágrafo primeiro:

«Só se permitirán de forma excepcional e a criterio facultativo as formas conxénitas ou infantís, sempre que non se manifesten nos 20 graos centrais do campo visual e non produzan ningunha outra sintomatoloxía, en especial fatiga visual. En caso de permitirse a obtención ou prórroga do permiso ou licenza, o período de vixencia máximo será de tres anos. Cando a diplopía se elimine mediante a oclusión dun ollo, aplicaranse as restricións propias da visión monocular.»

## 1.6 Columna (4), parágrafo terceiro:

«Cando os estrabismos ou outros defectos da visión binocular non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 1.º, ambos inclusive, e, debido á súa repercusión sobre parámetros como a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de cabaleiros, a aparición de diplopía ou pola probable evolución do proceso, os recoñecementos periódicos que se realicen fosen por período inferior ao de vixencia normal do permiso ou licenza, este fixarase segundo o criterio do oftalmólogo.»

## 1.6 Columna (5), parágrafo terceiro:

«Cando os estrabismos ou outros defectos da visión binocular non impidan alcanzar os niveis de capacidade visual indicados nos números 1.1 ao 1.7 do grupo 2.º, ambos inclusive, o oftalmólogo deberá valorar as súas consecuencias sobre parámetros como a fatiga visual, os defectos refractivos, o campo visual, o grao de estereopse, a presenza de forias e de cabaleiroa, a aparición de diplopía e a probable evolución do proceso, fixando en consecuencia o período de vixencia, que será en todo caso como máximo de tres anos.»

## 1.7 Columna (2), parágrafo segundo:

«Cando, mesmo alcanzando os niveis fixados nos números 1.1 ao 1.6 anteriores, ambos inclusive, a presión intraocular se encontre por riba dos límites normais, deberanse analizar posibles factores de risco asociados e establecerase un control periódico a criterio oftalmolóxico.»

Corenta e tres. Modifícase o parágrafo primeiro das columnas (4) e (5) do número 3.1 e o parágrafo primeiro das columnas (2) e (4) do número 3.3 do anexo IV, que quedan redactados da seguinte forma:

## 3.1 Columna (4), parágrafo primeiro:

«As adaptacións, restricións e outras limitacións que se impoñan en persoas, vehículos ou na circulación determinaranse de acordo coas discapacidades que padeza o interesado debidamente reflectidas no informe de aptitude psicofísica e avaliadas nas correspondentes probas estáticas ou dinámicas.»

## 3.1 Columna (5), parágrafo primeiro:

«Excepcionalmente, admitiranse dispositivos de cambio automático e de asistencia da dirección con informe favorable da autoridade médica competente e coa debida avaliación, se é o caso, nas

probas estáticas ou dinámicas correspondentes. En todo caso, teranse debidamente en conta os riscos ou perigos adicionais relacionados coa condución dos vehículos derivados de deficiencias que se inclúen neste grupo.»

## 3.3 Columna (2), parágrafo primeiro:

«Non se admiten estaturas que orixinen unha posición de condución incompatible co manexo seguro do vehículo ou coa correcta visibilidade do condutor.»

## 3.3 Columna (4), parágrafo primeiro:

«Cando a estatura impida unha posición de condución segura ou non permita a adecuada visibilidade do condutor, as adaptacións, restricións ou limitacións que se impoñan serán fixadas segundo criterio técnico e de acordo co ditame médico, coa debida avaliación, se é o caso, nas correspondentes probas estáticas ou dinámicas.»

Corenta e catro. Modifícanse o parágrafo inicial do número 4 e o parágrafo primeiro da columna (3) do número 4.1; modifícanse as alíneas primeira e segunda e suprímese o parágrafo terceiro das columnas (2), (3), (4) e (5) do número 4.2; modifícanse os números 4.3, 4.4 e 4.5; modifícanse as columnas (1) e (2) do número 4.6; modifícanse as columnas (1), (2) e (3) do número 4.7, e introdúcese un novo número 4.8 no anexo IV, que quedan redactados da seguinte forma:

## «4. Sistema cardiovascular.

Para efectos de valorar a capacidade funcional, utilizarase a clasificación da New York Heart Association en niveis ou clases de actividade física da persoa obxecto de exploración. Na clase funcional I inclúense aquelas persoas cuxa actividade física habitual non está limitada e non ocasiona fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa. Na clase funcional II inclúense aquelas cuxa actividade física habitual está moderadamente limitada e orixina sintomatoloxía de fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa. Na clase III existe unha marcada limitación da actividade física habitual, aparecendo fatiga, palpitacións, dispnea ou dor anxinosa tras unha actividade menor da habitual. A clase IV supón a imposibilidade de desenvolver calquera actividade física sen a aparición de síntomas en repouso.»

## 4.1 Columna (3), parágrafo primeiro:

«Non debe existir ningunha alteración que afecte á dinámica cardíaca con signos obxectivos e funcionais de descompensación ou síncope, nin existir arritmias ou outra sintomatoloxía asociada. O informe cardiolóxico incluírá a determinación da fracción de execión que deberá ser superior ao 45 por cento.»

## 4.2 Columna (2), parágrafo primeiro:

«Non debe existir arritmia maligna durante os últimos seis meses que orixine ou poida ter orixinado unha perda de atención ou unha síncope no condutor, salvo nos casos con antecedente de terapia curativa e informe favorable do cardiólogo.»

## 4.2 Columna (2), parágrafo segundo:

«Non debe existir ningunha alteración do ritmo que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional III ou IV.»

## 4.2 Columna (3), parágrafo primeiro:

«Non debe existir ningún trastorno do ritmo cardíaco que poida orixinar unha perda de atención



ou unha síncope no condutor, nin antecedentes de perda de atención, isquemia cerebral ou síncope secundaria ao trastorno do ritmo durante os dous últimos anos, salvo nos casos con antecedentes de terapia curativa e informe favorable do cardiólogo.»

4.2 Columna (3), parágrafo segundo:

«Non debe existir ningunha alteración do ritmo que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, III ou IV.»

4.2 Columna (4), parágrafo primeiro:

«Cando existan antecedentes de taquicardia ventricular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía que avale o tratamento, a ausencia de recorrencia do cadro clínico e unha aceptable función ventricular, poderase fixar un período de vixencia inferior ao normal do permiso ou licenza segundo criterio médico.»

4.2 Columna (4), parágrafo segundo:

«Non se admiten.»

4.2 Columna (5), parágrafo primeiro:

«Cando existan antecedentes de taquicardia ventricular non sostida, sen recorrencia tras seis meses de evolución, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza con período de vixencia máximo dun ano. En todo caso, o informe deberá acreditar a fracción de execución superior ao 40 por cento e a ausencia de taquicardia ventricular no rexistro Holter.»

4.2 Columna (5), parágrafo segundo:

«Non se admiten.»

4.3 Columna (1):

«Marcapasos e desfibrilador automático implantable»

4.3 Columna (2), parágrafo primeiro:

«Non debe existir utilización de marcapasos.»

4.3 Columna (2), parágrafo segundo:

«Non debe existir implantación de desfibrilador automático implantable.»

4.3 Columna (3), parágrafo primeiro:

«Ídem grupo 1.º»

4.3 Columna (3), parágrafo segundo:

«Ídem grupo 1.º»

4.3 Columna (4), parágrafo primeiro:

«Transcorrido un mes desde a aplicación do marcapasos, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia establecido a criterio facultativo.»

4.3 Columna (4), parágrafo segundo:

«Transcorridos seis meses desde o implante do desfibrilador automático, sempre que non exista sintomatoloxía, con informe do especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo dun

ano. Os mesmos criterios se aplicarán en caso de descarga, non permitíndose en ningún caso as recorrencias múltiples nin unha fracción de execución menor do 30 por cento.»

4.3 Columna (5), parágrafo primeiro:

«Transcorridos tres meses desde a aplicación do marcapasos, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, e sempre que se cumpran os demais criterios cardiolóxicos, poderase obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia máximo de dous anos.»

4.3 Columna (5), parágrafo segundo:

«Non se admite.»

4.4 Columna (1):

«Próteses valvulares cardíacas.»

4.4 Columna (2):

«Non debe existir utilización de próteses valvulares cardíacas.»

4.4 Columna (3):

«Ídem grupo 1.º»

4.4 Columna (4):

«Transcorridos tres meses desde a colocación da prótese valvular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo de tres anos.»

4.4 Columna (5):

«Transcorridos seis meses desde a colocación da prótese valvular, con informe favorable dun especialista en cardioloxía, e sempre que se cumpran os demais criterios cardiolóxicos, poderase obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia máximo dun ano.»

4.5 Columna (1):

«Cardiopatía isquémica.»

4.5 Columna (2), parágrafo primeiro:

«Non debe existir antecedente de infarto agudo de miocardio durante os últimos tres meses.»

4.5 Columna (2), parágrafo segundo:

«Non se admite a cirurxía de revascularización nin a revascularización percutánea.»

4.5 Columna (2), parágrafo terceiro:

«Non debe existir ningunha cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional III ou IV.»

4.5 Columna (3), parágrafo primeiro:

«Ídem grupo 1.º»

4.5 Columna (3), parágrafo segundo:

«Ídem grupo 1.º»

4.5 Columna (3), parágrafo terceiro:

«Non se admite ningunha cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, III ou IV.»

- 4.5 Columna (4), parágrafo primeiro:  
«Non se admiten.»
- 4.5 Columna (4), parágrafo segundo:  
«Transcorrido un mes desde unha intervención consistente en cirurxía de revascularización ou de revascularización percutánea, en ausencia de sintomatoloxía isquémica e con informe do cardiólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período máximo de vixencia de dous anos, fixándose posteriormente, logo de informe favorable do cardiólogo, o período de vixencia a criterio facultativo.»
- 4.5 Columna (4), parágrafo terceiro:  
«Non se admiten. En caso de padecer cardiopatía isquémica que orixine sintomatoloxía correspondente a unha clase funcional II, con informe favorable do cardiólogo, poderase obter ou prorrogar o permiso ou licenza cun período de vixencia máximo de dous anos.»
- 4.5 Columna (5), parágrafo primeiro:  
«Non se admiten. En caso de padecer antecedente de infarto de miocardio, logo de proba ergométrica negativa e con informe do cardiólogo, o período de vixencia do permiso será, como máximo, dun ano.»
- 4.5 Columna (5), parágrafo segundo:  
«Transcorridos tres meses desde unha intervención consistente en cirurxía de revascularización ou de revascularización percutánea, en ausencia de sintomatoloxía isquémica, con proba ergométrica negativa e con informe do cardiólogo, cun período máximo de vixencia dun ano poderase obter ou prorrogar o permiso.»
- 4.5 Columna (5), parágrafo terceiro:  
«Non se admiten.»
- 4.6 Columna (1):  
«Hipertensión arterial.»
- 4.6 Columna (2):  
«Non deben existir signos de afección orgánica nin valores de presión arterial descompensados que supoñan risco vital.»
- 4.7 Columna (1):  
«Aneurismas de grandes vasos.»
- 4.7 Columna (2):  
«Non deben existir aneurismas de grandes vasos. Admítese a súa corrección cirúrxica, sempre que exista un resultado satisfactorio desta e non haxa clínica de isquemia cardíaca.»
- 4.7 Columna (3):  
«Non deben existir aneurismas de grandes vasos, nin disección aórtica. Admítese a corrección cirúrxica de aneurismas, sempre que exista un resultado satisfactorio desta e non haxa clínica de isquemia cardíaca.»
- 4.8 Columna (1):  
«Arteriopatías periféricas.»
- 4.8 Columna 2:  
«En caso de arteriopatía periférica, valorarase a posible asociación de cardiopatía isquémica.»
- 4.8 Columna (3):  
«Ídem grupo 1.º»
- 4.8 Columna (4):  
«Non se admiten.»
- 4.8 Columna (5):  
«Non se admiten.»
- Corenta e cinco. Modifícanse as columnas (4) e (5) do número 5.2.3 do anexo IV, que quedan redactadas da seguinte forma:
- 5.2.3 Columna (4):  
«Nos casos incluídos na columna (2), con informe dun hematólogo, cardiólogo ou médico responsable do tratamento, poderase obter ou prorrogar permiso ou licenza con períodos de vixencia de dous anos, como máximo.»
- 5.2.3 Columna (5):  
«En caso de estar baixo tratamento anticoagulante, con informe favorable dun hematólogo, cardiólogo ou médico responsable do tratamento, poderase obter e prorrogar permiso con período de vixencia dun ano, como máximo. Non se permitirán os casos nos que se producen descompensacións que obrigasen á transfusión de plasma durante os últimos tres meses.»
- Corenta e seis. Modifícanse as columnas (2) e (4) do número 6. 1 e as columnas (4) e (5) do número 6.2 do anexo IV, que quedan redactadas da seguinte forma:
- 6.1 Columna (2):  
«Non se permiten aquelas nas que, pola súa etioloxía, tratamento ou manifestacións, poidan pór en perigo a condución de vehículos.»
- 6.1 Columna (4):  
«Os enfermos sometidos a programas de diálise, con informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza, reducindo, a criterio facultativo, o período de vixencia.»
- 6.2 Columna (4):  
«Os sometidos a transplante renal, transcorridos máis de seis meses de antigüidade de evolución sen problemas derivados daquel, con informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar permiso ou licenza con período de vixencia establecido a criterio facultativo.»
- 6.2 Columna (5):  
«Os sometidos a transplante renal, transcorridos máis de seis meses de antigüidade de evolución sen problemas derivados daquel, en casos excepcionais, debidamente xustificados mediante informe favorable dun nefrólogo, poderán obter ou prorrogar permiso con período de vixencia máximo dun ano.»

Corenta e sete. Modifícanse as columnas (3), (4) e (5) do número 8.1 e a columna (1) do número 8.2 do anexo IV, que quedan redactadas da seguinte forma:

#### 8.1 Columna (3):

«Non debe existir diabeite mellitus que curse con inestabilidade metabólica aguda que requira asistencia hospitalaria, nin diabeite mellitus tratada con insulina ou con antidiabéticos orais.»

#### 8.1 Columna (4):

«Sempre que sexa preciso o tratamento hipoglicemiante ou antidiabético, deberase achegar informe médico favorable e, a criterio facultativo, poderá reducirse o período de vixencia. No caso de tratamento con insulina, deberase achegar un informe do especialista (endocrinólogo ou diabetólogo) que acredite o adecuado control da enfermidade e a adecuada formación diabetolóxica do interesado e o período de vixencia será, como máximo, de catro anos.»

#### 8.1 Columna (5):

«Os afectados de diabeite mellitus tipo I e os que requiran tratamento con insulina, presentando informe favorable dun endocrinólogo ou diabetólogo que acredite o adecuado control da enfermidade e a adecuada formación diabetolóxica do interesado, en casos moi excepcionais poderán obter ou prorrogar o permiso cun período de vixencia máximo dun ano. Nas demais situacións que precisen tratamento con antidiabéticos orais, deberase achegar informe favorable dun endocrinólogo ou diabetólogo e o período máximo de vixencia será de tres anos.»

#### 8.2 Columna (2):

«Non deben existir, no último ano, cadros repetidos de hipoglicemia aguda nin de alteracións metabólicas que cursen con perda de conciencia.»

Corenta e oito. Suprímense as alíneas segunda, terceira, cuarta e quinta das columnas (3), (4) e (5) e modifícase a columna (2) do número 9.1 do anexo IV, que queda redactada da seguinte forma:

#### 9.1 Columna (2):

«Non deben existir enfermidades do sistema nervioso central ou periférico que produzan perda ou diminución grave das funcións motoras, sensoriais ou de coordinación, episodios sincopais, tremores de grandes oscilacións, espasmos que produzan movementos amplos de cabeza, tronco ou membros nin tremores ou espasmos que incidan involuntariamente no control do vehículo.»

Corenta e nove. Modifícase o parágrafo primeiro da columna (2) e o parágrafo segundo da columna (4) do número 10.9 do anexo IV, que quedan redactados da seguinte forma:

#### 10.9 Columna (2), parágrafo primeiro:

«Non debe existir atraso mental con cociente intelectual inferior a 70.»

#### 10.9 Columna (4), parágrafo segundo:

«Cando o ditame do psiquiatra ou psicólogo sexa favorable á obtención ou prórroga, poderanse esta-

blecer condicións restritivas segundo criterio facultativo.»

Cincuenta. Modifícase o parágrafo inicial do número 12 e as columnas (2) e (4) do número 12.2 do anexo IV, que quedan redactados da seguinte forma:

#### «12. Aptitude perceptivo-motora.

A exploración das aptitudes perceptivo-motoras realizarase a través dos preditores establecidos.

Cando, segundo criterio facultativo, mediante a entrevista inicial e/ou a partir dos preditores utilizados, se detecten indicios de deterioración aptitudinal que poidan incapacitar para conducir con seguridade, requirirase a realización de exploración complementaria sistematizada para valorar o estado das funcións mentais que poidan estar influíndo naquel. Incluso poderá requirirse a realización dunha proba práctica de condución.

Con carácter xeral, o psicólogo terá en conta as posibilidades de compensación das posibles deficiencias considerando a capacidade adaptativa do individuo.»

#### 12.2 Columna (2):

«Alteracións que supoñan a incapacidade para adaptarse adecuadamente ao mantemento de traxectorias establecidas.»

#### 12.2 Columna (4):

«Poderase autorizar a condución dun vehículo automático, logo de avaliación nas correspondentes probas prácticas. Nos casos de obtención, terase en conta a capacidade de aprendizaxe psicomotora. Poderanse establecer condicións restritivas a criterio facultativo.»

Cincuenta e un. A letra B) do anexo VI queda redactada da seguinte forma:

«B) Proba de control de aptitudes e comportamentos:

O tempo destinado á realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto pechado a que se refire o artigo 52 e concordantes deste regulamento estará en función das características e dificultades de cada manobra e do vehículo que se utilice na súa realización.

A duración da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ao tráfico xeral e a distancia por percorrer na súa realización deberán ser suficientes para a avaliación das materias a que se refiren os artigos 53 e concordantes deste regulamento.

O tempo mínimo de condución e circulación destinado ao control das aptitudes e os comportamentos do aspirante en circulación en vías abertas ao tráfico xeral non será inferior a 25 minutos para os permisos das clases A, B e B+E e a 45 minutos para os permisos das clases restantes, salvo que, en aplicación do disposto no artigo 61.2, se acorde a interrupción e suspensión inmediata das probas. Neste tempo non se inclúe a recepción do aspirante, a preparación do vehículo, a súa comprobación técnica, no que respecta á seguridade vial, as manobras especiais, se é o caso, e a comunicación dos resultados da proba práctica.»

Cincuenta e dous. Modifícanse os números 1, 4, 7, 8 e 9 da letra A) e os números 1 ao 12 da letra B) do anexo VII, que quedan redactadas da seguinte forma:

«A) Requisitos xerais:

1. Serán dos tipos de uso corrente, sen que se permita a utilización de dispositivos, elementos ou referencias engadidas que faciliten a realización das manobras ou a visibilidade durante a súa execución.»

«4. Estarán provistos de embrague e cambio de velocidades non automático. Se o aspirante realiza a proba de control de aptitudes e comportamentos nun vehículo equipado cun cambio de velocidades automático, esta circunstancia indicárase no permiso de condución. O permiso que conteña esta mención só habilitará para a condución dun vehículo equipado cun cambio de velocidades automático.

Entenderase por “vehículo equipado cun cambio de velocidades automático” aquel vehículo no que unha simple acción sobre o acelerador e o freo permite que varíe a desmultiplicación entre o motor e as rodas, e en xeral, todo aquel vehículo que carece de mando de embrague.”

«7. Os remolques terán dous eixes, móbil o dianteiro e fixo o traseiro, cunha separación entre ambos superior a un metro. O eixe dianteiro deberá ter unha barra de ensamblaxe, para que o movemento das súas rodas sexa simultáneo e conxugado. O compartimento de carga consistirá nunha caixa pechada que, excepto para o permiso das clases D1+E e D+E, será polo menos igual de larga e de alta que a cabina do vehículo tractor.

8. Os camións e os tractocamións terán na cabina asentos para, polo menos, catro persoas, homologados e dotados de cintos de seguridade. No caso de que houbese máis de dous asentos en liña na parte dianteira, os dobres mandos a que se refire o número 5 da letra A) deste anexo estarán instalados fronte ao asento máis próximo ao do condutor. A cabina disporá de ventás laterais que permitan a visión directa do exterior desde calquera dos asentos. O compartimento de carga consistirá nunha caixa pechada polo menos igual de larga e de alta que a cabina.

9. Os camións, tractocamións e autobuses estarán equipados con freos antibloqueo e o aparello de control regulado no Regulamento (CEE) n.º3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985.»

«B) Requisitos específicos:

1. Para o permiso da clase A1, motocicletas sen sidecar de cilindrada non inferior a 75 centímetros cúbicos nin superior a 125 centímetros cúbicos, potencia máxima de 11 quilowatts e relación potencia/peso non superior a 0,11 quilowatts/quilogramo. Como excepción ao disposto no número 4 da letra A) deste anexo, poderanse utilizar motocicletas con cambio automático.

2. Para o permiso da clase A, motocicletas sen sidecar de cilindrada non inferior a 220 centímetros cúbicos, potencia non superior a 25 quilowatts e unha relación potencia/peso non superior a 0,16 quilowatts/quilogramo.

3. Para o permiso da clase B, turismos de carrocería cerrada, dúas portas en cada lateral, catro rodas, lonxitude mínima de 3,45 metros e unha masa máxima autorizada non superior a 3.500 quilogramos. Os turismos que se utilicen para realizar as probas a que se refire o artigo 7.3 deberán ter unha lonxitude superior a catro metros.

4. Para o permiso da clase B+E, un conxunto composto por un vehículo de turismo das características indicadas no parágrafo anterior, ou un vehículo mixto ou un camiión, todos eles de lonxitude non inferior a 3,45 metros e masa máxima autorizada non superior a 3.500 quilogramos, e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 1.000 quilogramos, que poida alcanzar unha velocidade de polo menos 100 quilómetros por hora e que non entre na categoría B. A caixa pode ser tamén lixeiramente menos larga que o vehículo tractor a condición de que a visión traseira só sexa posible utilizando os espellos retrovisores exteriores do vehículo. A lonxitude, excluída a lanza ou o sistema de enganche ou ensamblaxe, non será inferior a 2,50 metros. O peso total real mínimo do remolque será de 800 quilogramos. Como excepción ao disposto no número 7 da letra A) poderase utilizar remolque dun só eixe central.

5. Para o permiso da clase C1, camiións dunha masa máxima autorizada non inferior a 5.500 quilogramos nin superior a 7.500 quilogramos e unha lonxitude superior a cinco metros e inferior a sete. O peso total real mínimo será de 4.500 quilogramos.

6. Para o permiso da clase C1+E, un conxunto composto por un camiión das características establecidas no número 5 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2.500 quilogramos e lonxitude, excluída a lanza ou o sistema de enganche ou ensamblaxe, non inferior a catro metros. A masa máxima autorizada do conxunto así formado non deberá exceder de 12.000 quilogramos e a súa lonxitude será de polo menos oito metros. A caixa pode ser tamén lixeiramente menos larga que o vehículo tractor, a condición de que a visión traseira só sexa posible utilizando os retrovisores exteriores da cabina do vehículo tractor. O remolque deberá ter un peso total real mínimo de 800 quilogramos.

7. Para o permiso da clase C, camiións de masa máxima autorizada non inferior a 12.000 quilogramos cunha lonxitude de polo menos oito metros e unha largura de polo menos 2,40 metros, equipado cunha caixa de cambios de polo menos oito marchas cara a diante. O peso total real mínimo será de 10.000 quilogramos.

8. Para o permiso da clase C+E:

a) Un vehículo articulado composto dun tractocamiión e un semirremolque cuxo conxunto teña unha masa máxima autorizada non inferior a 21.000 quilogramos, unha lonxitude de polo menos 14 metros e un largo de polo menos 2,40 metros. O peso total real mínimo do conxunto será de 15.000 quilogramos.

b) Ou ben un conxunto composto dun camiión das características establecidas no número 7 anterior e un remolque de lonxitude, excluída a lanza ou o sistema de enganche ou ensamblaxe, non inferior a 7,5 metros. O conxunto deberá ter unha masa máxima autorizada non inferior a 21.000 quilogramos e unha largura de polo menos 2,40 metros.



O peso total real mínimo do conxunto será de 15.000 quilogramos.

c) Tanto o remolque coma o semirremolque estarán equipados con freos antibloqueo.

9. Para o permiso da clase D1, autobuses de masa máxima autorizada non inferior a 4.000 quilogramos e lonxitude non inferior a 5,50 metros, cuxo número de asentos, incluído o do condutor, non exceda de 17.

10. Para o permiso da clase D1+E, un conxunto composto por un autobús das características indicadas no número 9 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2.500 quilogramos, con polo menos dous metros de largo e dous metros de alto, e lonxitude, excluída a lanza ou sistema de enganche ou ensamblaxe, non inferior a catro metros.

O compartimento de carga do remolque terá polo menos dous metros de largo e dous metros de alto. A masa máxima autorizada do conxunto non deberá exceder de 12.000 quilogramos e o peso total real mínimo do remolque será de 800 quilogramos.

11. Para o permiso da clase D, autobuses de lonxitude non inferior a 10 metros e largo non inferior a 2,40 metros.

12. Para o permiso da clase D+E, un conxunto composto dun autobús das características establecidas no número 11 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2.500 quilogramos, largo non inferior a 2,40 metros e lonxitude, excluída a lanza ou sistema de enganche ou ensamblaxe, non inferior a catro metros. O compartimento de carga do remolque terá polo menos dous metros de largo e dous metros de alto e o peso total real mínimo do remolque será de 800 quilogramos.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil.*

Modifícase o artigo 9 do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Formación impartida, probas realizadas e vehículos utilizados nestas.*

Sen prexuízo das especialidades que correspondan á natureza militar dos vehículos utilizados polas Forzas Armadas e a Garda Civil, a formación teórica e práctica impartida nas escolas e organismos das Forzas Armadas e da Garda Civil e as probas realizadas axustaranse, con carácter xeral, ao disposto no capítulo III do título II e no anexo VII do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. Tamén se axustarán ao disposto no dito capítulo III os vehículos militares empregados nas referidas probas, na medida en que o permitan as súas características especiais e os criterios operativos que rexen a dotación de material automóbil nas Forzas Armadas.»

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto no que se refire á implantación do modelo de permiso de condución do anexo I bis, que se efectuará de acordo co que estableza a orde do ministro do Interior á que se refire a disposición transitoria décimo primeira do Regulamento xeral de condutores.

Dado en Madrid, o 2 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**13468** *REAL DECRETO 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas.* («BOE» 174, do 20-7-2004.)

O punto cinco do artigo único da Lei 22/1999, do 7 de xuño, introduciu un segundo parágrafo no punto 1 do artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE do Consello, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio da actividade de radiodifusión televisiva. A dita modificación impúxolles aos operadores de televisión a obriga de destinaren cada ano o cinco por cento dos seus ingresos de explotación do ano anterior ao financiamento de películas cinematográficas e para televisión europeas.

A disposición adicional segunda da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, modificou o dito segundo parágrafo do punto 1 do artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, introducindo catro modificacións:

a) Reduciu o ámbito de aplicación da obriga aos operadores de televisión que inclúan dentro da súa programación longametraxes cinematográficas de «producción actual», é dicir, cunha antigüidade inferior a sete anos.

b) Reservou o 60 por cento do financiamento obrigatorio a obras en lingua orixinal española.

c) Restrinxiu o concepto de obras audiovisuais ás curtametraxes cinematográficas e ás obras recollidas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual.

d) Definiu o concepto de «película para televisión».

Malia estas modificacións, que clarificaron o contido do precepto e ampliaron a seguridade xurídica dos operadores de televisión, a aplicación práctica da norma aínda ofrece certas dúbidas que xeran inseguridade xurídica. Todo iso tradúcese nunha mingua na eficacia da iniciativa lexislativa, polo que é aconsellable a promulgación dunha norma regulamentaria de rango suficiente que regule os baleiros que a lei non cobre e que coadruve ao fomento da industria cinematográfica europea en xeral e española en particular.

Así, a obriga de destinar parte da facturación a obras cinematográficas actuais europeas representa unha obriga nova que reviste certa complexidade á hora de facela efectiva. Pola súa vez, o desenvolvemento regulamentario que este real decreto acomete foi reclamado insistentemente tanto polos suxeitos da obriga como polos